




XUNTA DE GALICIA
CENTRO XERAL ENTRADA

1 NOV. 2008

33521

RS/mv



En relación coa pregunta con resposta escrita nº **32079**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de D^a Cristina Ferreiro López sobre **“as razóns da Consellería de Sanidade para impedir aos auxiliares e técnicos de farmacia a dispensación de medicamentos a través de receita electrónica”**, (publicada no BOPG nº 617, do 1 de outubro de 2008), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“A Consellería de Sanidade non considera que o decreto de receita electrónica de Galicia vaia ter ningunha repercusión laboral nin polo tanto social na figura do auxiliar de farmacia.

Aprobado en Consello da Xunta o pasado 28 de agosto e publicado no DOG do 18 de setembro co obxecto de regular a implantación da receita electrónica no ámbito do Sistema Público de Saúde de Galicia e establecer os procedementos e requisitos de prescrición e dispensación de medicamentos e produtos sanitarios, este decreto non modifica ningunha das funcións dos profesionais que interveñen no proceso, que están reguladas por normativa de ámbito estatal.

As competencias profesionais dos titulados técnicos de oficina de farmacia están recollidas no Real Decreto 1689/2997, de 14 de decembro, polo que se establece o título de Formación profesional de grado medio de Técnico en Farmacia e Parafarmacia e se fixan as súas ensinanzas mínimas. No artigo 4º está recollida a competencia xeral destes que consiste en `asistir ao farmacéutico na dispensación e elaboración de produtos farmacéuticos e afíns, e realizar a venda de produtos parafarmacéuticos, fomentando a



promoción da saúde e executando tarefas administrativas e de control de almacén, cumprindo coas especificacións de calidade, seguridade e protección ambiental'.

O sistema de receita electrónica de Galicia non modifica ningunha destas funcións, non cambia os roles dos profesionais na oficina de farmacia e polo tanto non cambia o papel dos e das auxiliares e técnicos en farmacia, que poden seguir asistindo ao farmacéutico na dispensación e realizando todas as demais funcións que teñen asignadas por R.D. no ámbito das súas competencias.

A dispensación de medicamentos é o servizo profesional do farmacéutico encamiñado a garantir, tras unha avaliación individual, que os pacientes reciban e utilicen os medicamentos de maneira axeitada as súas necesidades clínicas, nas doses precisas segundo os seus requirimentos individuais, durante o período de tempo axeitado, coa información para o seu correcto uso e de acordo coa normativa vixente.

Tanto a normativa estatal (Lei de garantías e uso racional dos medicamentos) como a autonómica (Lei de ordenación farmacéutica) , así coma as competencias que outorga a titulación da licenciatura de farmacia establecen a responsabilidade única do farmacéutico na dispensación.

A dispensación é, por tanto, un acto de responsabilidade profesional do farmacéutico que implica o consello e asesoramento para o uso racional e seguro dos medicamentos, esixindo unha formación específica para garantir a eficacia, eficiencia e seguridade dos tratamentos que reciben os pacientes; unha formación regrada proporcionada exclusivamente pola licenciatura en farmacia.

O Real Decreto 1689/2997, que regula as competencias profesionais dos titulados en formación profesional de técnico en farmacia, recolle que a este respecto a función do técnico de farmacia é a de asistir ao farmacéutico na



dispensación. A normativa vixente, por tanto, só permite aos técnicos en farmacia asistir na dispensación, non dispensar.

Por outra parte, para traballar como auxiliar de oficina de farmacia en España nunca foi nin é esixible ningunha formación nin titulación. Trátase, por tanto, dun colectivo moi heteroxéneo constituído só nunha pequena porcentaxe por titulados en formación profesional de técnico en farmacia .

Galicia é unha das primeiras Comunidades que pon en marcha a receita electrónica. Tras Andalucía e Cataluña é a terceira Comunidade que regula a receita electrónica a través dun decreto.

Ao igual que o galego, o decreto andaluz non menciona ao auxiliar de farmacia, que tampouco dispón de certificado dixital para acceder ao sistema. Non obstante este colectivo leva traballando dende o ano 2003 con total normalidade, sen que se tiveran producido cambios laborais.

O decreto catalán é o único que recolle, nunha orde posterior, a acreditación de farmacéuticos e auxiliares, respondendo a un modelo diferente do galego en deseño e esixencias.

Ningunha outra comunidade, nas que aínda non existe normativa de regulación da receita electrónica, acredita aos auxiliares para o acceso aos seus sistemas informáticos de receita electrónica. En todos os casos o responsable da dispensación e polo tanto o responsable da sinatura dixital é exclusivamente o farmacéutico, limitándose a función do auxiliar a asistir (pero en ningún caso substituír) ao farmacéutico na dispensación, e sempre baixo a súa supervisión.

O último documento de consenso de atención farmacéutica do ano 2008 asinado polo Ministerio de Sanidade e Consumo define a atención farmacéutica como a `participación activa do farmacéutico para a asistencia ao paciente na dispensación e seguimento dun tratamento



farmacoterapéutico'. Como o seu propio nome indica a atención farmacéutica é unha actividade ligada estreitamente á profesión farmacéutica, e para levala a cabo con garantías para a saúde da poboación requírense, entre outros, amplos coñecementos e formación en materias tan específicas como farmacoloxía, fisiopatoloxía, farmacocinética, farmacodinamia, química farmacéutica ou galénica, coa cualificación que outorga exclusivamente a licenciatura en farmacia.

Para acadar os obxectivos de mellora da calidade asistencial a Consellería de Sanidade debe ter e ten en conta a todos os profesionais que traballan no eido da saúde. Unha atención integral, continuada e multidisciplinar, na que están involucrados os diferentes profesionais médicos, farmacéuticos, enfermería e auxiliares co obxectivo de mellorar a calidade asistencial do paciente en todo o proceso de utilización dos medicamentos, na utilización racional e na xestión eficiente dos recursos farmacoterapéuticos.

A Consellería de Sanidade considera que o auxiliar de farmacia realiza unha importante labor colaborando co farmacéutico en estas actividades, pero sempre baixo a súa responsabilidade e supervisión."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 04 de novembro de 2008

O director xeral de Relacións Parlamentarias

Manuel Quiñero Varela Flores

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia




RS/mv

PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA

11 NOV. 2008

31506



En relación coa pregunta con resposta escrita nº **32569**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de D^a Cristina Ferreiro López e D. Bieito Lobeira Domínguez, sobre **"o nivel de emprego do castelán no sistema público de saúde de Galicia "**, (publicada no BOPG nº 620, do 7 de outubro de 2008), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

"A Escola Galega de Administración Sanitaria, que organiza preto de 700 actividades formativas ao ano e atende máis de 18.000 alumnos e alumnas, emprega o idioma galego nas súas comunicacións co alumnado, cos relatores e relatoras e co resto dos seus colaboradores distribuídos polas distintas institucións sanitarias do Sistema Público de Saúde de Galicia.

Os seus principais medios de difusión como son a súa páxina web (www.fegas.es) e a publicación da guía de actividades formativas están igualmente en galego.

En relación coa impartición das actividades, determinadas materias moi específicas, non resulta fácil atopar profesionais especializados que manexen o idioma galego, por iso e para cumprir cos obxectivos formativos, ocorre que entre un 10 e un 15% dos relatores son de fora da nosa comunidade e nalgún caso do estranxeiro.



Así ocorre nos cursos de teleformación que precisan dunha importante aportación de recursos na área de contidos e tecnolóxica. É frecuente adquirir módulos parcialmente elaborados por outras entidades e adaptalos á organización. Os cursos de teleformación creados a medida pola Escola son integramente en galego.

Dentro do compromiso para garantir o efectivo exercicio dos dereitos recoñecidos na lexislación sanitaria, e unha maior presenza da lingua galega nas distintas actividades vinculadas ó eido da saúde, tal e como se reflectiu nas Directrices da Política Sanitaria de Galicia (2005-2009), aprobadas polo Consello da Xunta de Galicia o 27 de novembro de 2005, nas que se incluíu un Plan de normalización da Linguaxe na sanidade galega.

A Consellería de Sanidade está a traballar na extensión do uso do galego na atención telefónica, tendo acadado importantes avances, con porcentaxes do 90 %, por exemplo, en zonas como Santiago e a súa área de influencia ata Padrón e Negreira.

Neste senso, no teléfono de cita previa 'SAUDE EN LIÑA 902-033777', recentemente posto en marcha por esta Consellería e que xa atende unha ampla franxa de poboación galega, a resposta ten lugar sempre en galego.

A política da Consellería é promover o uso do galego en tódalas relacións profesionais, sendo ademais consciente de que o persoal sanitario en Galicia procede, en moitos casos, doutras comunidades autónomas e mesmo doutros países, que esta a facer un esforzo progresivo no uso do galego.

Coa realidade da implantación da Historia clínica Electrónica (IANUS), este programa inclúe a facilidade de elixir o idioma por parte do usuario desde o menú de entrada á aplicación, podendo dispor de tódolos documentos, informes, follas de seguimento e o conxunto da historia clínica tanto en galego como en castelán."



O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 05 de novembro de 2008

O director xeral de Relacións Parlamentarias

Manuel Guillermo Varela Flores

The image shows a circular official stamp of the 'Dirección Xeral de Relacións Parlamentarias' with the coat of arms of Galicia in the center. A handwritten signature is written over the stamp.

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia